Onstopus

http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº135/ Ano: 2026 / 2º xornal Mes de outubro/ Estado de Comezo do outono micolóxico

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Camiño que dende o Cucorno vai cara a Melide. Non sufriu cambios dende 1975. **Páx. 1**



As rodeiras dende Curro a Pereiró (II). Obrigado mantemento anual. **Páx. 1**



II parte da historia de P.M.O. **Páx. 2**



En varias ocasións, Beiras, visitou Ons no "Nauja" con Alfredo Fernández. **Páx. 2**



Curioso menú no Centro Galego de Bos Aires no ano 1920. **Páx. 3**



O cura-párroco de Bueu-Ons, trasládase a Pontevedra. Os bueueses van botalo de menos. **Páx. 4**



Dábase por perdido, pero, de novo, o radar do SIVE volveu a Ons, nada menos que, en helicóptero. Cumprirá coas normas de seguridade? **Páx. 4**



Ons Arqueolóxica
Novos achados que demostran a importancia de Ons no apartado histórico das Rías Baixas. **Páx. 5**



Entrega das Centolas de Ouro. María e Jacobo, PARABÉNS. **Páx. 5**

Breves:
-Cocido galego en Ons. Ruta guiada. (Grupo Acuña). **Páx. 5**
-Restauración capela Canexol. **Páx. 6**

OS CAMIÑOS DA ILLA DE ONS (II) *de Cucorno a Melide*

Dos tres camiños que cualificaba como principais no ano 1975, hoxe vou falar do que, saíndo do barrio de Cucorno vai dar ao barrio de Melide que, ao igual que os outros dous, debeu reforzarse na etapa de Colonización.

Como dicía, é unha pista de terra, area e pequenas pedras batidas que forman un bloque compacto e forte. Non foi modificado dende que eu o coñezo, agás algún retoque polos seus bordos debido a pequenas ampliacións, soterramento do cable eléctrico ata Melide ou por algunha necesidade puntual.

É un camiño que nos anos de máis poboación na illa, daba servizo a sete casas: as que van do número 69 ao 75.

Dende a década de 1970, non tivo moito uso. As vivendas, por mor da emigración forzosa, quedaran deshabitadas ata a década de 1990 e a maioría de visitantes que ían cara a Melide, facíano pola corredoira da costa que saía dende Curro. Tamén, a partires dos 80, a utilización deste camiño por tractores, vehículos e maquinaria diversa que chegara a Ons, era escasísimo, e segue sendo, só no verán para mantemento medioambiental, corta de arboredo, vixilancia,..., ou algunha cuestión puntual.

Remata nun cruce de sendeiros: O que vai cara á baixada á praia de Melide, o que sube ata o alto do Centulo e, a finais da década de 1980, o que o unía co novo camiño que abrira a Delegación de Agricultura de Pontevedra, que dende Pereiró, e bordeando todo o cantil oeste, chegaba a Melide e que denominaron como "Ruta do Cormorán".

Fotos: ***Arriba***: Camiño á altura da casa nº 70, onde as árbores facían un paraugas fantástico que daba unha necesaria sombra nun camiño despexado de arboredo. Decidiron que non eran autóctonos e Parques cortounos. ***Medio***: Obras no camiño para a condución eléctrica subterránea ao barrio de Melide. ***Abaixo***: O camiño á altura da praia de Melide onde fixeron desaparecer todos os eucaliptos.





Nesta foto poden ver as empinadas costas que van dar ao camiño e que desembocan na zona cha das casas de Pereiró. Imaxinar a escorrentía.







Arriba: Como estaba o camiño cando o arranxaban.
Abaixo: Como quedaba despois do inverno

AS RODEIRAS (II)

Como dicía no anterior Onstopus, as rodeiras considerabámolas a mellor solución para todos os camiños de Ons, en especial naqueles que eran máis empregados por todoterreos, tractores e maquinaria, como o que ía de Curro a Pereiró.

Neste camiño, o espazo que quedou sen rodeiras, comezou a sufrir un deterioro importante co paso dos anos, sobre todo, polo continuo paso de medios de transporte cara ao campamento, punto limpo,..., e labores agrícolas. A isto tamén habería que engadir, as condicións meteorolóxicas adversas invernais, sen esquecernos, dalgúns puntos onde as riadas producidas polos desniveis de terreo e, sobre todo, pola empinada costa que vén dende o alto do Campamento da Xunta ata as casas de Pereiró.

O firme foise descompoñendo e a terra provocaba no verán, ao paso dos vehículos, unha nube de po que non permitía colgar a secar a roupa e penetraba nas vivendas obrigando a ter ventás e portas pechadas. ...

A partir da década de 1990, cando os aunienses volven á terra que os veu nacer e rehabilitan as súas vivendas, reivindican o arranxo dese camiño todos os principios de verán, despois de comprobar como quedaba ao rematar o inverno.

Dende a administración, incluído o Parque Nacional, realizan arranxos puntuais estivais para saír do paso pero, a maioría das veces, eran moi trapalleiros, feitos a présa e desleixados, o que provocaba que, coas primeiras choivas do outono e, ás veces, xa no verán, as enxurradas procedentes das pendentes e as enchentes, provocaban que, de novo, o camiño quedara como estaba antes ou, na maioría dos casos, peor.

Teño que dicir que eu a xeito particular, como despois coa asociación PineirÓns, anualmente, nos Informes que mandabamos ao Parque, sempre, un dos puntos, era o mal estado deste camiño e a necesidade de seguir coa ampliación das rodeiras pois coidabamos que, cun pequeno e necesario mantemento invernal, sería a solución máis adecuada para ese camiño ata o Campamento da Xunta pero, repito, tendo en conta a empinada costa que vén dende o Alto da Vixía, as Costiñas, Espadoada,..., e que chega ata as casas finais do barrio de Pereiró que, como intentarei explicar no seguinte Onstopus, pode danar as novas rodeiras se non hai mantemento. ***Continuará...***

HISTORIAS DE P.M.O. (II)

Seguimos con estes relatos que un veciño de Ons pasoume co fin de ser publicados.


Parte 2ª

Hai un relato do libro que me desconcertou un pouco. Ao chegar aos séculos XX – XXI, algo vai cambiar. Das cinco gardiás, un vai ser un rapaz da illa que sabe sobre a historia do territorio que o veu nacer.

El veu ao mundo como un neno normal, pero á idade da adolescencia namorarase dunha rapaza que é primoxénita e sucesora do segredo do libro. Ela contoulle o misterio cando o mozo lle fixo a promesa de amor verdadeiro, polo que, sen sabelo, o mozo quedaba marcado para sempre.

O rapaz só o poderá ler cando ela faleza. En tanto, non saberá nin onde está nin o que contén.

Mentres, será un mozo simple, sincero e nacido no símbolo zodiacal de Aries. Gustaralle a historia e as plantas medicinais. Non destacará en pesca nin noutras artes, xa que Deus non lle deixará destacar. Vivirán en paz na illa que o veu nacer, ata que el descubre unha traizón dela, e déixanse.



Volverá a ter parella, pero non será o mesmo amor que sentía por ela. Será reprobado por non ser un bo sucesor na vida familiar, sen embargo será un bo historiador e ata buscador de fachos pois fascináballe saber sobre os antigos faros que existían na antigüidade.

Morreranlle tres persoas moi queridas para el. Iso afectaralle e verá como lle pesa por non ser comprendido. Pero co tempo, sandará das súas feridas. Cree en Deus e nos santos, descubrirá que aquel neno do que todo o mundo se ría, será o que descubrirá onde está o antigo pobo insular, o primitivo porto onde se descargaba o peixe que traían para elaborar a salsa garum. Tamén saberá onde se esconden os últimos murices cos que se facía a púrpura para os vestidos das persoas máis importantes de Roma e outros lugares.

Importante para el é que o libro, nun dos seus textos, di: "*Aquel que sexa capaz de ler o libro, será o que saiba onde están soterrados, na illa, os antigos monxes ou frades que mataron os salvaxes nórdicos*.

Tamén coñecerá onde están os restos de edificacións que había en diferentes etapas da illa. Saberá a cantidade de terreo que puido perder e por onde estaba unida a terra. Onde están os gravados en pedra e, en que zonas hai ruínas e covas de minería, fontes e outros recursos. Desentrañará onde hai áncoras fenicias, muiño de auga, forno mancomunado e muíño de vento.

Mentres, as outras gardiás serán mulleres que pasarán desapercibidas, pois seguirán como persoas normais e traballadoras. Terán descendentes, co cal a primeira descendente femia, cando el faleza, será a que herdará esa responsabilidade e ensinaranlle como ser sucesora gardián.

Relata tamén que un dos monxes que está soterrado, é un dos que veu nesa barca e que ao final decidiu, antes de marcharse os seus compañeiros, quedar na illa ata os seus últimos días neste mundo, xa que estaba cansado e enfermo e non quería viaxar máis.




ATA SEMPRE AMIGO XOSÉ MANUEL BEIRAS TORRADO

Hoxe, 8 de outubro de 2026, saltou a nova do falecemento deste gran profesor e político galego. Non vou falar sobre el, tendes centos de artigos en toda a prensa galega e nacional.

Pero, como minixornal dedicado a Ons, dicirvos que esta Illa tivo a honra de contar coa súa visita, en varias ocasións navegando no ***Nauja***, barco do noso querido amigo Alfredo Fernández, socio fundador de Insuíña e alma mater do Acuario do Grove.

(Na foto nunha visita a Sálvora e Ons no Nauja).



BOLETÍN OFICIAL DEL CENTRO GALLEGO 9

NUESTRAS FIESTAS

El día 14 de agosto próximo será celebrada la tercera velada teatral del año, la que tendrá lugar en nuestro teatro social.

La nueva Comisión de Fiestas, designada para auxiliar a la Directiva, en el ejercicio actual y que quedó constituída el día 12 del corriente, ha tomado desde luego a su cargo los preparativos de este festival para el que hay verdadero empeño en confeccionar un programa atrayente, capaz de dar la más amplia satisfacción.

Por de pronto se cuenta con el valioso concurso del Orfeón Gallego, de Buenos Aires, al cual en esta ocasión se le hará entrega de un artístico pergamino.

En oportunidad será enviado por correo a los asociados el programa completo de la fiesta.

——(»«)——

"XANTAR"

En celebración de la festividad del «Apostol»

Es ya tradicional que nuestro Centro celebre con un típico «Xantar» el día del «Apóstol Santiago».

Consecuente la actual C. D. con tan simpática tradición, ha resuelto que sea celebrado también este año; tendrá lugar el día 25 de julio (domingo y día del apóstol (alias) Mata-Moros) en el salón de recepciones.

Han sido tomadas las medidas necesarias para que la fiesta que se anuncia alcance un relieve superior, que responda al alcanzado en años anteriores y que realce con nuevos laureles, los ya bien ganados de nuestro Centro.

Para este Xantar han sido invitados especialmente las autoridades locales, los representantes de la prensa local y regional, los socios honorarios y algunas otras personalidades de relieve de la colectividad en la Argentina.

La Comisión Directiva hace un llamado al amor propio de los consocios para que todos contribuyan con su asistencia al mayor brillo de la conmemoración.

He aquí ahora el menú, que es de todas veras tentador:

PRA ESCOMENZAR—

Raxas de xamon de Celanova.

XANTADA—

Caldo de grelos de Lugo.
Pote con
Unto de Gondomar.
Perniles d'Ourense.
Chourizos de Monforte.
Galiñas de «Colonia Pontevedra».
Garabanzos de Logroño.
Patacas do arean de Bueu.

LAMBETADA—

Pragueta da Illa d'Ons con prebe mariñeiro.

FROITAS—

Do tempo mesturadas.

VIÑOS—

Branco d'Argentina.
Tinto da Ramallosa.
Champan de mazans.

FORA DA CONTA—

Café de Porto Rico.
Coñac fino.
Cigarros puros dos bos.

Durante la comida, una buena orquesta ejecutará diversos trozos de música selecta.

Habrá gaita y alalás.

——(»«)——

DONATIVOS

De uno muy importante y simpático debemos dar cuenta a los asociados.

La casa «Piccardo y Cía., Lda.», fabricante de la acreditadísima marca de cigarros y cigarrillos el «43» acordó donar a este Centro un piano; esto como respuesta al pedido de ayuda material que le fué solicitada en nota de fecha 30 de abril próximo pasado.

La publicación que sigue, de la nota pasada a la predicha casa y su respuesta, nos ahorran todo comentario tendente a

BOLETÍN OFICIAL DEL CENTRO GALLEGO DE BOS AIRES ANO XII. Nº 201. 15 DE XULLO DE 1920

Aqueles que levamos a Illa de Ons no corazón, calquera temática que saia sobre ela, vai chamarnos a atención. Así lle pasou ao filólogo Bueués José M. Dopazo Entenza que atopou esta nova do Centro Galego de Bos Aires e non dubidou en arquivala e compartila comigo, cousa que lle agradezo.

Dopazo é un gran investigador e é de agradecer que collera a Ons como espazo a investigar, levando un importante traballo de campo e investigación sobre a ***Fala de Ons*** que, a medida que ía realizando entrevistas aos aunienses de diferentes idades, foi ampliando o campo de estudo, sobre todo do mundo etnográfico auniense, que está sen traballar de xeito técnico e científico, sendo un dos que pode dar a coñecer, hoxe en día, a singular Cultura Popular desta illa.

Pois ben, este Boletín dá pé a un bo artigo sobre a emigración galega a Arxentina e da organización dos galegos nese espazo. Pero o que chamounos a atención foi o menú do xantar, onde case todos os ingredientes eran de orixe galego, destacando entre eles as patacas do ***arean de Bueu*** e sobre todo, o que chaman Lambetada, nada menos que: ***Pragueta da Illa de Ons*** con prebe mariñeiro. Como dicía, este xantar dá para un bo artigo, non só sobre a emigración e o xeito de vivir nese continente dos galegos, senón de temáticas como, a procedencia dos produtos, sobre o seu xeito de conservación nos 15-20 días que duraba a travesía en barco, sobre o menú diario dos galegos en Arxentina,..., e xa máis específico, sobre a composición do menú dese xantar e, en especial, o tema da denominación de **Lambetada**, que en Arxentina non entra dentro do seu vocabulario, por iso, esa denominación ten que ver coa emigración galega e que, aquí, significa algo doce, de aí que, despois do que é un cocido en toda regra, poñan un peixe como sobremesa, parece algo estraño. Quizais, como entrante, antes do cocido, e cunha preparación específica para degustar, podería ser, pero como sobremesa, como que non.

Tamén, como nos ocorreu a nós, ese artigo podería ampliarse co nome do peixe "**Pragueta"** que, como comentaba Dopazo na ría de Pontevedra ten varias denominacións, así en Cantoarea e Raxó é ***Pargo***. En Portonovo é ***Prago*** ao igual que en Mogor-Marín. Isto daría para un bo debate, sen esquecernos de preguntar ao Gran Cesáreo que seguro nos diría que en Ons ***Pragueta*** se chama cando e pequena e ***Prago*** cando é grande.

O que pode dar de si, un menú no Centro Galego de Bos Aires, o diálogo ou coloquio, déixoo para persoas máis entendidas. Grazas Dopazo por compartir.





A CONSELLERÍA DE CULTURA TRABALLARÁ COA AUTORIDADE PORTUARIA DE MARÍN PARA MUSEALIZAR O FARO DE ONS

Esta nova saltou á prensa hai uns días: https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2026/10/16/cultura-implicara-musealizacion-faro-isla-135429048.html

Tomámola con cautela, non falta de alegría, por algo que levamos pedindo dende que o Faro de Ons se automatizou e ía perdendo aos seus fareiros. Quedamos á espera de cal será o xeito de levalo a cabo e quen será o organismo encargado da súa xestión. Esperamos que haxa transparencia e participación.









José López Moldes (**Josecho**) cura-párroco das parroquias de Bueu, Beluso e ***illa de Ons***, deixa o municipio de Bueu para incorporarse ao de Pontevedra, concretamente á parroquia de San Antoniño.

Coñecino en Noalla, de onde é oriúndo, alí compartimos mesa e mantel cos veciños, a carón dos bos paseos pola Lanzada.

Levei unha alegría cando souben que ía ocupar a parroquia de Bueu e por conseguinte a de Ons. Pola súa forma de ser, pronto ía conseguir, non só ser o cura desta parroquia, senón o amigo que os bueueses necesitaban como párroco. Así, ao lado dos oficios relixiosos, podiámolo ver, falo de Ons, facendo a andaina organizada por Corredoiras, tomando un algo cos veciños e amigos, participando en actos culturais, deportivos,..., organizando excursións,... Eu tiven a honra de que fose el quen me entregara o obsequio que veciños e concello me concederon en homenaxe pola miña dedicación cultural a Ons.

O seu xeito de traballar pola parroquia, a súa disposición, a alegría que transmitía,..., aínda non sendo crentes, facía que telo ao teu lado fose unha gran satisfacción pois irradiaba entusiasmo. amizade, tranquilidade,...

Só pensar que toda unha corporación municipal, como a de Bueu, con diferentes signos políticos, lle renderan unha homenaxe de despedida, que quizais a moi poucos párrocos lla fixeron, demostra a boa persoa que era.

Só espero que che vaia tan ben na túa nova parroquia como che foi en Bueu.

DE NOVO VOLVE O RADAR Á ILLA DE ONS

Foi instalado no ano 2012. Daquela houbo unha importante polémica por si ese radar podería emitir algún tipo de ondas que puidera causar algún problema á poboación.

Houbo unha petición ás autoridades por parte da Asociación veciñal, por algunha asociación cultural, polo concello de Bueu,..., para que aclararan o tema e deran unha versión sobre este asunto.

Así o fixeron por medio dun comunicado e quedou, polo menos aclarado pola administración, que o radar era seguro, pois emite ondas electromagnéticas de alta frecuencia a diferenza das ionizantes que emiten os raios x ou a radiación nuclear.

De todos os xeitos algúns núcleos de poboación e visitantes non quedaron moi convencidos e, ata nos móbiles, notábanse problemas en certos momentos.

En febreiro de 2025, nun paseo polo Faro vimos que o radar desaparecera, aínda que si estaba a caseta. No verán dese mesmo ano puidemos comprobar o deterioro que estaban a sufrir as instalacións, coidamos que por falta de mantemento. No ano 2026 seguiu no mesmo estado, ou peor, de deterioro, despois dos importantes temporais que sufriu Galicia e, en varias ocasións, neste minixornal ***Onstopus***, puxémolo en coñecemento de todos. Non houbo ningunha contestación nin comunicación oficial.

Coidamos que ían retiralo pero, para sorpresa de todos, neste mes de outubro trouxeron un novo e, supoñemos, arranxarían as instalacións.

De todos os xeitos, coido que sería interesante que os xestores do SIVE comunicaran á poboación auniense sobre a importancia deste radar e, en especial, informaran, para a tranquilidade de todos, sobre a seguridade deste radar para veciños e visitantes.



De esquerda a dereita: -Radar en 2012 cando foi instalado.
-En agosto de 2026 nun estado deplorable.
-E en outubro de 2026, nova instalación.

ONS ARQUEOLÓXICA

ESCAVACIÓNS ANO 2026. PRIMAVERA / OUTONO

Neste Castro dos Mouros, en cada escavación, atopamos unha parte importantísima da Prehistoria e Historia desta illa. Dende o gabinete de información da GEAAT, explícannos que esta campaña complétase cos primeiros achados fóra da muralla do Castelo dos Mouros.

Consideraron moi interesante centrarse neste ano na terraza intermedia do castro, onde xa localizaran estruturas da Idade do Ferro, onde se completou a escavación dunha, a maior, das construcións atopadas. É unha ampla vivenda que conserva no seu interior unha posible estrutura de combustión central, o que lle dá para interpretala como unha lareira.

A carón das explicacións que neste caso veñen da man da arqueóloga Alba Rodríguez e o seu equipo, houbo traballos de restauración e consolidación do xa escavado e, este ano, as escavacións foron visitadas polo alumnado da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, actividade que organizou a profesora Marta Cerviño.

Dende logo, todo o que se está realizando dende o ano 2021 neste Castro é importantísimo polo que hai que agradecer aos **xestores do Parque** a súa implicación no Proxecto e, á vez pedirlle, que siga adiante en anos sucesivos para coñecer máis de preto a Historia desta Illa.

Tamén solicitar que, a carón de visitas tan interesantes como a que fixeron este ano os alumnos da Escola de Conservación e Restauración, o ***achegamento dos veciños*** a estas escavacións, para que coñezan a historia do seu pobo, a valoren e participen na súa protección. Tamén preparar a ***Guías Especializados*** nesta temática para a ***Organización de Visitas e Itinerarios de Carácter máis Técnico e Paseos Interpretativo*** nese campo, para visitantes durante a tempada invernal e que poden proceder de cursos, xornadas, proxectos,..., organizados polo Parque e así desestacionalizar a Illa e a Cultura.

E non esquecerse que en Ons, no seu **Centro de Visitantes**, hai unha sala dedicada á parte ***Histórica e Arqueoloxía*** que hai que ir completando ano a ano, segundo se vaian atopando novos achados que podan ser visualizados polos visitantes, de non facelo e só quedar moi ben catalogados nos sotos ou rochos da universidade ou outros museos en terra, sería un retroceso ao importante traballo que se está levando a cabo, pois **aquilo que non se coñece, non se defende e protexe**.







GALA DE ENTREGA DOS CENTOLOS DE OURO 2026

Hoxe traio aquí a dous dos galardoados coa ***Centola de Ouro*** que se entrega pola Festa do Marisco de O Grove, non son outros que a parella formada por **María Piñeiro** ao cumprir o seu establecemento hostaleiro ***O MODERNO,*** nada menos que 100 anos. E a **Jacobo Fernández** como representante do colectivo que fai posible todos os anos celebrar o **ForoAcui** (Foro dos Recursos Mariños e da Acuicultura) ***PARABÉNS*** a todos os galardoados.



Cocido na Illa de Ons

Dende hai xa uns anos nesta data de 1 de novembro coincidindo co Día de todos os Santos en que os aunienses van honrar aos seus defuntos, Acuña, a carón de poñer barco, organiza unha Ruta guiada pola illa e un cocido. Interesante actividade para desestacionalizar. **Páx. 5**

VARIOS TEMAS AOS QUE HAI QUE BUSCAR SOLUCIÓN

Así titulaba no Onstopus anterior a páxina nº 1, dedicada á Ons Etnográfica, unha serie de temáticas ás que había que buscar solución na Illa antes de que comece a nova tempada de verán 2027 (Ano Santo por certo) e que irei comentando en sucesivos Onstopus.

O primeiro tema era a ***rehabilitación da Capela de Canexol***, á que vou dedicarlle un anaco nesta páxina de recordo.

O último tema era sobre o ***Faro de Ons e a súa musealización***, que parece vai por bo camiño, aínda que haberá que coñecer algunhas cousas, como comento neste número na páx. 3.

Outro tema, que non entrou no número anterior, é o ***soterramento da liña eléctrica*** entre Curro e o Faro, que din van comezar xa, aínda que, do dito ao feito, hai un grande.....

E, sen esquecernos das novas ***obras de Turismo en Curro***, que comezarei no seguinte Onstopus.

A CAPELA DE CANEXOL. Para cando a súa prometida restauración? ***10/10/2026***

Despois de anos de reivindicación e como só pasa na Illa, a **Xunta** prometeu a rehabilitación da Capela de Canexol un 22 de maio de 2025, para quedar ben diante dos veciños e da opinión pública. Case un ano despois, a primeira actuación, foi retirar o retablo da capela e pedir fotos antigas dela.

A partires de aí, cando lle preguntan, só promesas e ren máis. Un total despropósito que demostra a Xunta que temos: PROMETER montes e moreas e despois NA de NA.

Ata o de agora, só hai unhas concisas palabras que din:

"*Coa capela xa comezamos, xa foron as empresas e estivemos organizando as actuacións*". "*Xa temos, as empresas, proxecto e licenza*" Iso comentaron hai 10 días, pero non sei se se refiren a agora ou a hai dous anos.

O medo, como xa pasou co cable eléctrico submarino, é que o ***Presidente da Xunta*** está prometendo, en ano electoral, un mundo de millóns. De onde os sacará? Pois, penso que, como cando foi do cable, irán a onde mellor lle conveña, ou só quedarán en falsas promesas, co que pode ser, que a Capela de Ons teña que esperar uns anos máis.

Así que, só queda dicirlle aos veciños, que teñan coidado cando o Día de Defuntos vaian a poñer flores ao camposanto, non vaia ser que lles caia parte do tellado da igrexa enriba.



A clase política en Ons cando prometeron o arranxo no 2025. Que ben quedan nas fotos!!!

Foto: Faro de Vigo

Retirada do retablo un ano despois, 2026.





Como estaba por dentro no ano 2025.

Como estará agora?

